



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



Queridas familias:

Adiantámosvos algúns aspectos relacionados coas instrucións que publicou a Consellería de Educación con data do 27 de abril:

Coa finalidade de axudar ao alumnado a organizar as súas actividades escolares, autorregular a súa aprendizaxe e manter un bo estado emocional, os centros educativos adaptarán o modelo de titorías á nova situación e organizarán accións de orientación académica cos medios dispoñibles.

O profesorado estará en contacto coas familias polos medios que dispoña: correo electrónico, Snappet, apps, teléfono, para facer un seguimento da actividade do alumnado e localizar ao alumnado desconectado.

Pola Lei de Protección de Datos, o contacto a través do teléfono deberá ser con número oculto.

As actividades lectivas que se desenvolven durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020, sempre condicionadas polo que dispoñan as autoridades sanitarias, serán de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Na medida do posible deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas.

A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.

#### **Avaliación e cualificación do alumnado:**

A avaliación e cualificación será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo. Adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

A promoción de curso será a norma xeral en todos os niveis, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.

A programación do curso 2020-2021 adaptarase a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles dificultase adquirir.

Realizarase un informe individual de carácter informativo e orientador, detallando, se é o caso, aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre, e que deberán ser obxecto de tratamento durante o próximo curso escolar 2020-2021.

Valadares, 29 de abril de 2020